



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 24 DE XULLO DE 2019

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vintecinco minutos do día 24 de xullo de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez; D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Elvira Lombao Vila e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Dona Tania Díaz Seijas incorpórase no 3º punto da orde do día.

Dona Begoña Seco Varela incorpórase no 1º punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Ponse de manifesto acta da sesión plenaria celebrada o día 20 de xuño de 2019.

Non xurdindo debate sométese a votación a aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCIZO 2019

O Alcalde asume a defensa da proposta de aprobación inicial do orzamento xeral do concello para o exercizo 2019, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

Formado o Orzamento Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio económico 2019 así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Personal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe da Interventora municipal.





Concello de Outeiro de Rei

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Presupuestaria e da Regra de gasto.

Visto o anterior, propón ó pleno a adopción do seguinte acordo, previo Ditamen da Comisión de Asuntos do Pleno.

PRIMEIRO: Aprobar o límite de gasto non financeiro, regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera, para o exercicio 2019 do orzamento do concello de Outeiro de Rei, na contía de 3.885.168,01 €.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Outeiro de Rei, para o exercicio económico 2019, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
1	OPERACIONES CORRIENTES	1.324.943,90	17,941
2	GASTOS DE PERSONAL		
3	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS GASTOS FINANCIEROS	1.953.849,37	30,828
		21.000,00	0,287
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	220.582,55	3,752
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.520.375,82	48,780
6	OPERACIONES DE CAPITAL	3.696.443,29	51,220
7	INVERSIONES REALES	0,00	0,000
8	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
9	ACTIVOS FINANCIEROS PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		3.696.443,29	51,220
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		7.216.819,11	100,000

ESTADO DE INGRESOS





Concello de Outeiro de Rei

1	IMPUESTOS DIRECTOS IMPUESTOS INDIRECTOS	1.312.500,00	18,187
2	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	90.000,00	1,247
3	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.451.358,54	33,967
4	INGRESOS PATRIMONIALES	1.740.490,88	24,117
5		0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		5.594.349,42	77,518
OPERACIONES DE CAPITAL ENAJENACION DE INVERSIONES			
6	REALES	200.000,00	3,204
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.422.469,6	19,710
8	ACTIVOS FINANCIEROS	9	0,000
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		1.622.469,69	22,482
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS		7.216.819,11	100,000

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e cargos electos con dedicación exclusiva.

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 440.190,29 euros.

QUINTO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e Anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SÉTIMO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia”.

O Alcalde destaca que se trata de un orzamento realista, fortemente inversor e sen déficit nin débeda pública, que potencia ou crea novos servizos ao tempo que mantén os existentes, permitindo a creación de postos de traballo e continuar pola senda de Outeiro de Rei coma un concello de futuro e en permanente crecemento e expansión.

A continuación toma a palabra a voceira do PSdG-PSOE, quen manifesta sentirse unha privilexiada por poder dispor da documentación dos asuntos a tratar cunha antelación de 48 horas a celebración da sesión, xa que a Corporación anterior non disfrutaba de tal privilexio. Tamén denuncia a enorme dificultade de poder afrontar o estudo de asuntos tan complexos





Concello de Outeiro de Rei

coma a aprobación do orzamento ou a modificación do planeamento xeral con tan escaso marxe temporal. Considera que esta sesión plenaria debería ser convocado con maior antelación para poder estudar axeitadamente os asuntos a tratar.

Acto seguido pregunta cál é o nivel de execución orzamentaria do presente proxecto de orzamento, tendo en conta as datas nas que nos atopamos. Asemade preguntá porqué únicamente se adican o 5,7% dos orzamentos a servizos sociais (que é únicamente o dobre dos custes orzamentarios do equipo de goberno).

Advirte que, un ano máis, os orzamentos recollen un millón e medio de euros (aproximadamente) para a urbanización de A Palloza. Pregunta cándo se levará a cabo dita urbanización, logo de tantos anos da súa orzamentación.

Pregunta asemade cuántos de estos sete millóns e medio de euros se adican a I+D+I, xa que se trata de un factor de desenvolvemento social moi importante.

En relación ao recente peche por Sanidade da piscina do Clube de Tiro de Bonxe, da que dispón este concello a través do oportuno convenio de colaboración, pregunta se existe algunha previsión orzamentaria para arranxar este problema.

Segundo as noticias publicadas recentemente, este concello pasou no exercizo anterior de teren unha debeda de 0 euros, a soportar unha débeda de preto de un millón de euros. Desexa saber a qué responde este enorme incremento da débeda municipal. Segundo a documentación facilitada polo propio concello a débeda é de 1.200.000 euros. Tamén se contemplan uns intereses de demora de 15.000 euros.

Finalmente, sorpréndelle que simultaneamente á entrega de unha guía de emprego do galego nas Administracións locais conxuntamente coa documentación da presente sesión plenaria, se remitise parte de esta documentación en castelán. Pregunta a qué se debe esta contradicción.

Fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xabier Molinos, recordando que o TRLHL esixe que o Alcalde debe elevar ao Pleno da Corporación o proxecto de orzamento antes do 15 de outubro do exercizo anterior, e que se debe efectuar a súa aprobación definitiva antes do 31 de decembro. Ano tras ano se está a vulnerar a Lei.

O Alcalde escúdase no feito de que as restantes Administracións compromenten financiamento ao longo do exercizo, o que dificultaría a confección do orzamento. Nembargantes, a memoria do orzamento contradice claramente estas excusas, xa que se indica reiteradamente que as previsións de ingresos se efectúa en base á liquidación do orzamento do exercizo anterior (non aos novos compromisos de financiamento). Incluso afirmase –cando se fala das previsións de investimentos- que o orzamento é susceptible de ampliacións en función dos novos compromisos de financiamento, xa que se descoñecen os que se acadarán (coma é lóxico).

O Orzamento é a principal ferramenta de funcionamento eficaz e eficiente da





Concello de Outeiro de Rei

Administración Local, polo que canto antes se aprobe mellor será a xestión e a planificación. Pola contra, neste concello sempre se demora enormemente na súa aprobación.

O artigo 116 da LBRL afirma que as contas se someterán antes do 1 de xuño á comisión especial de contas. Aquí non se fixo nada de esto transcurridas estas datas. Non se está a cumprir a Lei.

A memoria orzamentaria é totalmente propagandística, pero nesta memoria nin en ningún outro lugar citase que este orzamento está vencellado polo plan económico-financieiro que houbo que aprobar polo incumprimento da regra de gasto na liquidación do ano 2017.

Por outra banda, o orzamento contempla un gasto adicado a investimentos do 51% do total. Non obstante, de esta contía, un 21% do orzamento total (aproximadamente o 40% de ese 51%), o aporta o crédito adicado –un ano máis- á urbanización de A Palloza.

O Alcalde sempre afirma que este ano será o definitivo, pero xa van unha ducia de anos. Esperemos que este ano sexa o definitivo.

A meirande parte do orzamento de ingresos descansa nos impostos, namentres que o financiamento aportado polas outras Administracións é pouco relevante.

Finalmente, afirma que non cumpre as pautas marcadas polos técnicos. Poñendo un exemplo, a Interventora recomenda que a concesión de achegas se efectúe en procedementos que respeten a libre concurrencia. Pola contra, mantense o listado de achegas nominativas recollido tódolos anos.

O Alcalde resposta ao concelleiro do BNG que gran parte de este orzamento descansa, precisamente, en achegas de outras administracións, e isto permítese debido a que se formulou unha vez coñecidas estas achegas. Realmente desexaría que isto non fose así, e que ditas achegas se concedesen cunha meirande antelación que permitise unha máis doada contratación e execución, pero isto non é así e debemos adaptarnos ao que hai.

A imposibilidade de formular antes os orzamentos xa foi explicada neste pleno en moitas ocasións, e recórdalle que o motivo non é outro que facer un orzamento realista que poida ser executado debidamente.

Finalmente, recorda que a situación de A Palloza débese a unha crise económica global que deu ao traste con ducias de urbanizacións, a meirande parte das cales quedaron para sempre abandonas. Non obstante, este concello comprometeuse cos veciños da urbanización de colaborar na súa execución. E se non se fixo antes foi porque os veciños tentaron facelo polos seus propios medios. Unha vez que se decataron que isto non é doado e solicitaron novamente a execución municipal, o Concello asumirá a súa execución.

En relación á débeda, xa explicou na comisión informativa que se trata de unha operación de tesourería, cuxa finalidade é acadar a liquidez necesaria para afrontar os pagos que se





Concello de Outeiro de Rei

efectúan durante todo o ano a pesares de que gran parte dos ingresos se concentran no último trimestre. Non obstante, a débeda pública é de cero euros.

Comprende que o feito de que o concello esté a medrar cuns bos servizos cunha débeda cero é unha cuestión espinosa para a oposición.

O Concello asinou un convenio co clube do campo de tiro de Bonxe para o disfrute veciñal da piscina a custes moi baixos. O Concello comprométese a cumprir as súas obrigas e o clube debe cumprir as súas, entre as que se atopan as obrigas sanitarias.

Recorda que o Concello adica a servizos sociais a cantidade de 435.000 euros, polo que é unha contía moi importante a pesares de que as competencias en materia de servizos sociais é do Estado e máis da Xunta de Galicia.

Finalmente, o tempo do que dispuxo para o estudo dos asuntos é o previsto pola Lei. Se é moito ou pouco é subxectivo. Cando se asume a condición de concelleiro asúmese con todas as consecuencias, e se algunha vez hai que leer pola noite algún asunto, non queda outro remedio que facelo.

A voceira do PSdG-PSOE resposta ao Alcalde que él pode leer pola noite xa que ten casi a adicación exclusiva. Por outra banda, a documentación relativa á modificación das normas subsidiarias non a acadou senón fai pouco, xa que, por certos motivos, non se puido enviar por correo electrónico, sendo unha información con bastante complexidade.

Por beneficio de todos, para poder manter un debate de altura, debe facilitarse a información con antelación suficiente.

Non respostou a pregunta da piscina, en concreto si existía unha partida para a piscina.

O Alcalde resposta que non existe unha partida específica, xa que son varias as partidas afectadas.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, insiste en que a Lei é necesario cumplila. Non se trata de preferencias ou conveniencias. E este retraso amosa unha moi baixa eficacia na xestión dos recursos materiais e económicos do concello, xa que non é capaz de formular o orzamento con anterioridade.

Non é excusa ampararse nas outras Administracións, xa que a Xunta de Galicia aprobou os seus orzamentos o 18 de decembro de 2018 e a Deputación de Lugo en xaneiro de 2019.

Lamenta que a partida de promoción e fomento do emprego acade unicamente o 3,43% do orzamento, aínda que polo menos medra, xa que a partida de vivenda e urbanismo redúcese do 38 ao 28%, ou benestar comunitario, que descende do 13 ao 12%; servizos sociais do 6% ao 5%; medio ambiente do 2 ao 1,35%.... por poñer un exemplo.





Concello de Outeiro de Rei

Neste intre interúmpese a sesión xa que o Alcalde auséntase da sala dous minutos.

O concelleiro do BNG retoma a argumentación, aseverando que, namentres estas partidas esenciais perden peso no orzamento, a partida para gastos políticos (retribucións do Alcalde e concelleiro e persoal eventual), increméntanse un 123%.

Este incremento do gasto político é opaco e inxustificable, xa que non se informou a quen se outorgará a adicación parcial, e o persoal eventual e innecesario, tanto debido ao persoal do que dispón o concello, coma debido que o persoal existente xa é da confianza persoal do sr. Alcalde. Non obstante afirma que prefiere o réxime de adicación parcial ao sisteme de retribuir indebidamente con quilometraxe e dietas.

Afirma na memoria que se melloran os servizos, pero non se especifica en qué consiste esta mellora (incremento de frecuencias de recollida do lixo... etc); Mantén o IBI no 4,35%, cando ben podería baixarse ao mínimo (4%), e finalmente, defende a eficiencia cando acude á contratación da xestión recadatoria a un alto prezo cando a Deputación a ofrece gratuitamente.

As previsións de crecemento do concello non son tales no proxecto de orzamento, xa que soamente se prevén ingresos por licencias urbanísticas por 500 euros, namentres que se prevé recadar 5000 euros por multas por infraccións urbanísticas.

O Alcalde infórmalle que as previsión de recadación por taxas urbanísticas non é de 500 euros. Engade que Outeiro é un dos concellos co IBI máis baixo a pesares de teren dos mellores servizos.

A recadación por unha empresa non soamente se xustifica na autonomía municipal na recadación (especialmente importante cando a Deputación en varias ocasións retén a recadación do concello nas súas contas até o exercizo seguinte distorsionando gravemente as magnitudes resultantes da liquidación a 31 de decembro), senón tamén na necesidade de prestar aos veciños un servizo de proximidade, descargándoos da obriga de viaxar a outro concello para atender as súas obrigas tributarias.

O Alcalde desmente que se retribúa indebidamente a ningún concelleiro, e considera que abonarlle o gasto en quilometraxe a un concelleiro que non ten salario municipal algún e que se adica de cheo ao concello é o mínimo que se pode facer, e crítico ten moi pouca ética política (e máximo cando onde goberna o BNG asignan adicación exclusiva a tódolos concelleiros).

Finalmente, os orzamentos xerais do Estado non están aprobados, e a responsabilidade non e do Partido Popular.

Non obstante, recorda que o motivo é o retraso na concesión das achegas que determinana boa parte do investimento municipal, non o retraso na aprobación dos orzamentos das restantes Administracións.

Resposta á concelleira do PSdG-PSOE, que os 15.000 euros de gastos financeiros





Concello de Outeiro de Rei

correspóndense coas comisións que cobran os bancos por diversos servizos.

O concelleiro do BNG pregunta a qué se corresponden entón as partidas de 500 euros de taxas urbanísticas e de 5000 euros de multas e infraccións urbanísticas.

O Alcalde resposta que esas taxas non son as que corresponden por outorgamento de licenzas, xa que estas últimas teñen unha previsión de recadación de 90.000 euros.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación do orzamento xeral para o exercicio 2019, así coma a RPT e restantes anexos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con 9 votos a favor e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros do BNG e máis do PSdG-PSOE.

3.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NNSS DE PLANEAMENTO. DELIMITACIÓN DO NÚCLEO DE CARTEL

Iníciase o debate polo Alcalde que este expediente iniciouse a solicitude dos veciños de Cartel, e que, unha vez verificado polos servizos urbanísticos a viabilidade de esta petición, iniciouse a formulación da modificación, solicitando os informes sectoriais preceptivos para, logo da súa aprobación por este pleno, remitilo á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

O voceiro do BNG expresa a vontade do grupo municipal BNG de delimitar o núcleo de Cartel, xa que reúne claramente tódolos requisitos para seren considerado núcleo rural. De feito, o sorprendente é que non fora delimitado con ocasión da aprobación das NNSS.

O problema que xurde é que o problema de Cartel repítese en dúcias de núcleos de este termo municipal, namentres que o concello soamente delimitou uns poucos nestes últimos anos (Penelas, A Franca, Cartel...). Esta discriminación debería atallarse finalmente mediante un instrumento de planeamento que recolla a totalidade dos núcleos existentes. De feito, aos veciños de estos núcleos o Concello non lles da ocasión nin de facer alegacións.

Critica o brándis ao sol que recolle a proposta de modificación puntual das NNSS na súa memoria, xa que fala non soamente dun extenso relato de infraestruturas que se van facer, sino incluso de limpeza de carballos, ao tempo que o concello está a permitir a corta de carballos centenarios.

Finalmente, xa que este proxecto non foi elevado a este pleno anteriormente e que, consecuentemente, non puideron realizar aportacións anteriormente, espera que agora se permita aos concelleiros da oposición realizar tales aportacións.





Concello de Outeiro de Rei

Remata insistindo en que o grupo municipal do BNG non está en contra da delimitación do núcleo de Cartel.

A concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, expresa a súa coincidencia coas manifestacións do BNG, e pregunta ao Alcalde qué vai facer con núcleos non delimitados coma Mosteiro ou San Fiz de Paz.

Pregunta polos motivos de rexeitamento dunha das dúas alegacións presentadas no trámite de información pública, e pregúntase si existe a posibilidade de darlle unha solución.

Pregunta si existe un sistema de evacuación de augas residuais ou si está prevista a súa implantación. Tamén pregunta porqué os eixos dalgúns camiños se corresponden co límite da parcela e non co eixo do camiño existente.

O Alcalde afirma que, cando se redactaron as NNSS a lexislación era moi diferente e, de xeito, ao poder edificar en solo rústico, o interés na delimitación era moi inferior. Por outra banda, a non todo o mundo lle interesa a delimitación. Así, aos gandeiros pode non interesrilles xa que a ubicación en solo de núcleo rural conleva certas limitacións na súa actividade.

En relación ao principio de igualdade, recórdalle que cando se aprobaron as NNSS de este concello efectuouse un trámite de información pública onde todos os veciños puideron alegar o que lles conviña.

Considera que non fai falla un novo plan xeral, xa que co actual este concello é dos que máis crecen, e este equipo de goberno non ten pensado plantexar un Plan Xeral que non sexa beneficioso para o interés xeral do concello.

Non cree que prever a mellora de camiños e prever a xestión da biomasa sexa un brándis ao sol. É planificación.

Respóstalle á concelleira do PGdG-PSOE que o sistema de depuración está descrito no proxecto. Tamén explica –logo de solicitar informe verbal á arquitecta municipal– que a modificación do eixo do camiño débese a que é necesario para evitar que as parcelas da veira contraria debeñan inedificables por mor da cesion obrigatoria. Con ista modificación do eixo do camiño estas parcelas poden edificarse e facilita a compactación do núcleo.

O voceiro do BNG considera correcta a solución técnica exposta. O grupo do BNG non se meten a discutir cuestións técnicas, senón a valoración dos intereses xerais municipais.

Por outra banda, recórdalle ao Alcalde que en ningún momento hoxe plantexou formular un PXOM, senón de dar unha solución aos restantes núcleos rurais existentes e que están sen delimitar. Asemade, solicita que o dereito a presentar alegacións exténdase a tódolos veciños, xa que existen ou poden existir intereses diferentes á mera inclusión de unha parcela nun eido de delimitación.





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde informa que este Concello escoita o que din os veciños, e tramita os procedementos tal e como dí a Lei. Engade que o equipo de goberno non presentará un proxecto de novo plan xeral, xa que perxudicaría gravemente aos veciños. Invíta aos grupos da oposición a que, si tan claro teñen que debe facerse un novo plan, que dibuxen un e que o leven ás próximas eleccións.

Insiste en que non todo o mundo desexa que se delimite o seu núcleo, xa que a delimitación ten pros e contras.

Tamén recorda que éste é o concello que máis crece da provincia, e este crecemento ao mellor é porque en todos os anos de democracia a esquerda ou o nacionalismo non gobernou nunca.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da modificación das NNSS. Delimitación do núcleo rural de Cartel.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con 9 votos a favor e catro abstencións, pertencentes aos concelleiros do BNG e máis do PSdG-PSOE.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as quince horas, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

